RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE CONVOCA, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, A PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO AO NIVEL I DE GRAO MEDIO DAS ENSINANZAS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO NA MODALIDADE DE FÚTBOL E A PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO AO NIVEL I DE GRAO MEDIO DAS ENSINANZAS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO NA MODALIDADE DE FÚTBOL SALA NO CENTRO AUTORIZADO DE ENSINANZAS DEPORTIVAS CENTED DE OURENSE. Cod. 32020896

Pola *Orde do 19 de xaneiro de 2017* (DOG do 7 de febreiro) autorízase ao centro autorizado de ensinanzas deportivas Cented do Pereiro de Aguiar cod.32020896 a apertura e funcionamento para impartir as ensinanzas de Técnico deportivo e Técnico deportivo superior en fútbol, reguladas no *Decreto 353/2003, do 11 de setembro* (DOG do 26 de setembro) e no *Decreto 372/2003, do 16 de setembro* (DOG do 17 de outubro); ensinanzas incluídas no ámbito do *Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro* (BOE do 8 de novembro).

Pola Orde do 10 de maio de 2017 (DOG do 30 de maio) autorízase ao centro autorizado de ensinanzas deportivas Cented para impartir as ensinanzas de Técnico deportivo e Técnico deportivo superior en fútbol Sala reguladas no Decreto 356/2003, do 11 de setembro (DOG do 29 de setembro) e no Decreto 374/2003, do 16 de setembro (DOG do 20 de outubro); ensinanzas incluídas no ámbito do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro (BOE do 8 de novembro).

Con data de rexistro do 15 de outubro de 2026, o director do Centro Autorizado de Ensinanzas Deportivas Cented de Ourense solicitou autorización para a realización dunha proba extraordinaria de carácter específico de acceso ao nivel I de grao medio de Técnico deportivo na especialidade de Fútbol e outra proba extraordinaria de carácter específico de acceso ao nivel I de grao medio de Técnico deportivo na especialidade de Fútbol sala perante esta Dirección Xeral de Formación Profesional.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eYeQ1D5Yfbk8 https://sede.xunta.gal/cve

Considerando que, unha vez finalizado o prazo de inscrición nas probas ordinarias de acceso ás ensinanzas deportivas, establecidas na *Resolución do 17 de abril de 2026 (*DOG do 30 de abril*), da Dirección xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2026/27*, dito centro dispón de vacantes e conta cun número considerable de persoas aspirantes para cursar estas ensinanzas.

Tendo en conta a flexibilidade na oferta educativa de ensinanzas deportivas recollida na normativa, e co fin de non causar prexuízo ao alumnado que desexa cursar estudos en dito centro, esta dirección xeral RESOLVE convocar, con carácter extraordinario, a proba de carácter específico de acceso ao nivel I de grao medio de Técnico deportivo de Fútbol e a proba de carácter específico de acceso ao nivel I de grao medio de Técnico deportivo de Fútbol sala, que se realizará de acordo ao seguinte:

-O tribunal avaliador constituirase nalgún día anterior a data do exame, reunirase outro día para a preparación do exame e das instalacións onde se realizarán as probas, e reunirase nalgún día posterior a data do exame para rematar a avaliación e resolver as reclamacións, se as houbese.

- A proba de **fútbol** terá lugar no **Campo de Fútbol, ¨O Xeixo¨, rúa Os Casares, 4, CP: 32990, Ourense, o día venres 13 de novembro de 2026, ás 10:00 horas.**
- So poderán inscribirse na proba específica as persoas aspirantes que reúnan os requisitos académicos establecidos para poder cursar estas ensinanzas (*Resolución do 17 de abril de 2026*).

- A proba de **fútbol sala**. A primeira parte da proba (condición física) terá lugar no **Campo de Fútbol, ¨O Xeixo¨, rúa de Os Casares, 4, CP: 32990, Ourense, o día venres 13 de novembro de 2026, ás 10:00 horas.,** e a segunda parte da proba (nivel de execución de habilidades) terá lugar **no Pavillón Municipal de Oira no paseo da praia Fluvial s/n, CP**

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eYeQ1D5Yfbk8 https://sede.xunta.gal/cve

32.001, Ourense ás 12horas.

- A inscrición para a realización da devandita proba deberá formalizarse na secretaría do CIFP A Farixa (Rúa das Laxas, s/n. 32005, Ourense) ata o **6 de novembro de 2026**, presentando a documentación establecida na citada *Resolución do 17 de abril de 2026*.

- As persoas aspirantes deberán aboar os prezos públicos de acordo co establecido no *Decreto 89/2013, do 13 de xuño*, para este tipo de probas.

- A listaxe provisional das persoas admitidas publicarase o **9 de novembro de 2026** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP A Farixa de Ourense.

- As reclamacións á listaxe provisional das persoas admitidas e a entrega da documentación que se lles requira aos/ás aspirantes realizarase **os días 10 e 11 de novembro de 2026** a través da secretaría do citado CIFP.

- A listaxe definitiva das persoas admitidas publicarase o **12 de novembro de 2026** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP A Farixa de Ourense.

- A listaxe provisional de cualificacións das persoas aspirantes publicarase o día 1**6 de novembro** no taboleiro de anuncios e na páxina web do CIFP A Farixa de Ourense.

- As reclamacións á listaxe provisional de cualificacións realizaranse **os días 17 e 18 de novembro** a través da secretaría do citado CIFP.

- A listaxe definitiva das cualificacións das persoas aspirantes publicarase o día **19 de novembro** no taboleiro de anuncios e na páxina web do citado CIFP.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eYeQ1D5Yftk8 https://sede.xunta.gal/cve

- O tribunal de avaliación terá a categoría cuarta, e as persoas que o integran percibirán as correspondentes compensacións económicas polas actividades realizadas, conforme ao disposto no *Decreto 144/2001, do 7 de xuño* (DOG do 25)*, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia*, ou norma que o substitúa.

- A proba de fútbol será administrada, avaliada e cualificada por un tribunal que estará integrado polos seguintes membros:
    - Presidente: Marcos Antonio Fernández Álvarez
    - Secretario: Miguel Aragón Fitera
    - Vogal titular: David Vázquez Diéguez
    - Vogal suplente: César Adolfo Sánchez Maquieira.

- A proba de fútbol sala será administrada, avaliada e cualificada por un tribunal que estará integrado polos seguintes membros:
    - Presidente: Marcos Antonio Fernández Álvarez
    - Secretario: Miguel Aragón Fitera
    - Vogal titular: Alejandro Estévez Pérez

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

Mª Eugenia Pérez Fernández

Asinado por: MARIA EUGENIA PEREZ FERNANDEZ
Cargo: Directora Xeral de Formación Profesional
Data e hora: 22/10/2026 14:05:28

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: eYeQ1D5YfbK8 https://sede.xunta.gal/cve